

Anuncio de adxudicación

Por Decreto de data 21 de febreiro de 2013, procedeuse á adxudicación no procedemento de contratación da subministración mediante arrendamento “renting” de dous vehículos para diversos usos no Concello do Porriño, coas seguintes especificidades:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c) Número de expediente: 07/13.

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición do obxecto: Subministración mediante arrendamento “renting” de dous vehículos para diversos usos no Concello do Porriño.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: urxente.
- b) Procedemento: negociado sen publicidade.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a) Orzamento: 23.232 €
- b) Base imponible: 19.200 €
- c) 21% IVE: 4.032 €

5. ADXUDICACIÓN

- a) Data: 21 de febreiro de 2013.
- b) Contratista: TALLERES RODOSA S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe da adxudicación: 20.618,40 € (17.040€ máis 3.578,40 € en concepto de IVE).
Segundo o quilometraxe contratado, o prezo por exceso será 0,040 €/km anual e por quilometro non recorrido será de 0,020 €/km anual (máis IVE en ambos casos).
- e) Prazo de execución: 2 anos (posibilidade de prórroga 1 ano).
- f) Formalización contrato: 28-02-2013.

6. PÁXINA WEB ONDE FIGUREN AS INFORMACIÓNS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN

www.contratosdegalicia.es

O Porriño, a 1 de marzo de 2013.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2013002274

CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONES PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS**PRIMEIRA: OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións coa finalidade de levar a cabo o cumprimento dos compromisos adquiridos polo Concello en materia de desemprego, mediante a incentivación na creación de empresas para colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais. Por iso, convócanse subvencións en réximen de concurrencia competitiva destinadas a empresas e autónomos.

SEGUNDA: BENEFICIARIOS

1.—Poderán acollerse a estas axudas os empresarios individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica que iniciaran a súa actividade ao longo do ano 2012 e reúnan os requisitos específicos establecidos para cada liña de axuda.

2.—Non poderán ser beneficiarias:

- a) Empresas nas que concurran as circunstancias excluíntes sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, en particular, as seguintes:
 - Ser excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións tipificadas no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2000, de 4 de agosto.
 - Ter amortizado postos de traballo fixos nos doce últimos meses anteriores ás novas contratacións, mediante despedimentos declarados improcedentes, ou regulacións de emprego.
- b) As Administracións Públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
- c) As empresas que non se atopen ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria ou co Concello do Porriño por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, liquidada e esixible por vía de prema.
- d) Proxectos empresariais que resulten incongruentes ou desenvolvan actividades ilícitas.
- e) Empresas instrumentais
- f) Empresas sen emprego acreditado.

TERCEIRA: PROXECTO DE EMPRESA: REQUISITOS

1.—Ubicación da nova empresa no municipio do Porriño: domicilio social e centro principal de traballo

2.—Xeración de novo emprego, por parte dos novos socios e/o persoal contratado.

3.—Posta en marcha do proxecto no ano 2012

4.—Os requisitos particulares de cada liña de axuda

CUARTA.—DEFINICIÓN DE PEME

1.—Considerarase pequena e mediana empresa segundo a Recomendación da UE (2003/361/CE) de data 6 de maio, a toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica de forma regular e que reúna os seguintes requisitos:

- a) Que ocupen a menos de 250 persoas
- b) Que o seu volumen de negocio anual non exceda de 50 millóns de € ou cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de €.
- c) Estes dous requisitos, ocupación e importes financeiros, son acumulativos e unha empresa deberá cumprir ambos requisitos para que poida considerarse como PEME.
- d) Que se trate de empresas autónomas, e decir que non estén participadas nun 25% ou máis do seu capital ou do seu dereito de voto por outra empresa ou conxuntamente por varias empresas que non reúnan a condición de PEME.

2.—Considerarase promotor a efectos desta convocatoria de axudas a todo aquel que non exercese actividade empresarial ou profesional por conta propia por un período superior a tres anos.

QUINTA.—LIÑAS DE AXUDA*Liña 1: Promoción do autoemprego:*

- a) Finalidade: Fomentar o inicio de actividades empresariais dirixidas ao autoemprego de modo unitario ou asociado.
- b) Beneficiarios: Persoas desempregadas que ao longo do ano 2012 procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores autónomos ou por conta propia sempre que:
 - Sexan titulares, comuneros ou cotitulares do negocio ou explotación.
 - Se den de alta no réximen especial de autónomos ou en calquer outro réximen especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional
- c) Contía: A contía da axuda, para aquelas empresas que cumpran os requisitos, será de 1.500 euros.

Liña 2: Creación de sociedades mercantís:

- 1.—Finalidade: O obxecto desta liña e fomentar a posta en marcha de novas PEMEs baixo a forma xurídica de sociedade mercantil.
- 2.—Beneficiarios: Empresas privadas constituídas ao longo do ano 2012, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás persoas físicas, comunidades de bens ou sociedades civís.
- 3.—Contía da axuda: A contía da axuda, para aquelas empresas que cumpran os requisitos, será de 1.500 euros.

SEXTA.—VALORACIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS

- 1.—As solicitudes de axuda deberán acadar un mínimo de 15 puntos para a súa admisión e a súa concesión graduaráse en base aos seguintes criterios:

Proxectos empresariais enmarcados no medio rural: 2 puntos

Proxectos empresariais adicados a actividades tradicionais: 2 puntos

Grao de innovación do proxecto: 2 puntos

Emprendedores incluídos na base de datos de Porremprego: 12 puntos

Proxectos empresariais que obtivesen no Concello do Porriño o Certificado de Iniciativa Local de Emprego para a súa cualificación ante a Xunta de Galicia: 5 puntos

Situación social do colectivo beneficiario:

- Desempregados integrantes de colectivos desfavorecidos: 3 puntos
- Desempregados menores de 30 anos, en especial, demandantes do seu primeiro emprego: 3 puntos
- Desempregados con discapacidade e emigrantes: 3 puntos
- Desempregados non perceptores de prestación ou subsidio por desemprego: 3 puntos
- Mulleres desempregadas que acrediten a súa condición de vítimas de violencia: 5 puntos
- Desempregados de longa duración: 3 puntos
- Desempregados cando non se atopen no suposto a): 1 punto

Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea, con usuarios do Servizo Porremprego, de tres ou máis meses de duración: 8 pntos

Actividade emerxente ou novo filón de emprego: 5 puntos

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa: 1 punto.

SÉTIMA: CRÉDITO ORZAMENTARIO:

O importe total máximo que se destina é de 150.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241.48901.

As subvencións outorgadas ao abeiro desta convocatoria concederáanse en réxime de concurrencia competitiva e limitadas ao devandito orzamento de xeito que si o crédito non permitira a concesión de subvencións polos importes máximos previstos, distribuírase aplicando unha fórmula de prorrateo en función da puntuación obtida según o baremo previsto nas presentes bases.

OITAVA: SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación esixida según anexo das presentes bases, formularáanse no modelo normalizado publicado aos efectos na páxina web da Concellería www.porremplego.org. Así mesmo, atoparánse a disposición dos solicitantes na Concellería de Emprego e Formación.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Si a solicitude non estivera debidamente cumprimentada ou non se acompañase da documentación esixida, o órgano instructor requirirá ao interesado para que as emende nun prazo máximo e improrrogable de 10 días e no caso de que non se produza a subsanación, terase por desistido da súa petición, procedéndose ao seu arquivo.

NOVENA: LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO:

As solicitudes xunto coa documentación esixida, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello do Porriño sito na Rúa Antonio Palacios, 1 ou por calquera dos medios regulados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMA: INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR:

1.—A instrución do expediente de concesión de subvencións correspóndelle a un funcionario do servizo de Intervención e outro de Porremplego, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2.—As actividades de instrución comprenderán:

- A petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver ou sexan esixidos polas normas .que regulen as subvencións.
- A avaliación técnica das solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas presentes bases.
- Una vez avaliadas as solicitudes deberá emitirse o informe no que se concrete o resultado da avaliación técnica realizada.

3.—O órgano instructor, á vista do expediente e da proposta da Comisión Cualificadora, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse por escrito aos interesados, concedendo un prazo de 10 días para formular alegacións.

4.—Examinadas, no seu caso, as alegacións o órgano instructor formulará unha proposta de resolución definitiva que deberá reflectir a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Así mesmo o informe deberá contar de xeito expreso e motivado a desestimación das solicitudes.

5.—As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor dos beneficiarios propostos mentres non se realice a notificación da resolución definitiva de concesión.

UNDÉCIMA: COMISIÓN CUALIFICADORA:

A comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto de solicitudes presentadas e propondrá a concesión ou denegación de axudas económicas.

A Comisión Cualificadora estará composta por:

- O Concelleiro-Delegado de emprego
- O Interventor Municipal
- Os funcionarios membros do órgano instrutor.

Actuará de secretario da Comisión o funcionario do servizo de Intervención, membro do órgano instrutor, con voz pero sen voto.

DUODÉCIMA: RESOLUCIÓN:

A comisión Cualificadora elaborará unha proposta que, logo da emisión do informe da Intervención, será resolta por resolución da alcaldía que se notificará aos interesados. A resolución pon fin á vía administrativa.

O prazo máximo para resolución das solicitudes é de seis meses contados dende a finalización do prazo de presentación. Si transcurrido o prazo non se houbese ditado resolución, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

DÉCIMO TERCEIRA: XUSTIFICACIÓN E PAGO:

Non se procederá ao abono da contía correspondente ata que o solicitante non presente a conta xustificativa na que se acredite documentalmente o correcto desenvolvemento da actividade empresarial así como a permanencia da actividade durante un mínimo de seis meses.

No caso de que no momento de presentación de documentación non transcorrese o período mínimo de actividade esixido pola presente convocatoria, estableceráse unha prórroga de dous meses dende o remate do período mínimo esixido.

DECIMO CUARTA: OBRIGAS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIONES:

1.— A empresa beneficiaria debe acreditar o inicio da súa actividade durante o ano 2012, acreditando unha permanencia da actividade empresarial durante un mínimo de seis meses.

2.— Inspección e control: As empresas beneficiarias das axudas deberán facilitar toda a información que lle sexa requerida polo Concello.

3.— Toda alteración non autorizada das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concurrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar a modificación da resolución da concesión.

4.— As empresas beneficiarias dos incentivos previstos na presente convocatoria, deberán colocar nun lugar visible un cartel informativo referente á colaboración da Concellería de Emprego e Formación do Porriño na posta en marcha do proxecto. Dito cartel será facilitado polo Concello.

DECIMO QUINTA: CONCURRENCIA E INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCIONES:

As subvencións previstas na presente convocatoria serán compatibles con calquera outras para o fomento do emprego, outorgadas por outras administracións públicas, sempre e cando non exista incompatibilidade expresa. Así mesmo, serán compatibles coas desgravacións fiscais ou deducións de cotas á Seguridade Social, establecidas con carácter xeral e como medida de fomento do emprego pola Administración Xeral do Estado.

As subvencións previstas nestas bases non serán acumulables entre si para o mesmo posto de traballo. En calquera caso, a suma das subvencións recibidas non poderá superar a totalidade do custo salarial total correspondente ao contrato que se subvenciona.

DECIMO SÉXTA: SEGUIMIENTO E CONTROL

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración Xeral do Estado ou da CCAA, o Concello do Porriño a través da Concellería de Emprego levará a cabo a función de control das subvencións concedidas así como a avaliación e seguimento dos programas. Para realizar ditas funcións poderánse utilizar cantos medios estén a disposición da Concellería, para comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO SÉTIMA: PROTECCIÓN E CESIÓN DE DATOS:

En cumprimento co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais facilitados, así como os que sexan requeridos posteriormente para completar o expediente, serán incorporados a un ficheiro de titularidade da Concellería de Emprego e Formación do Porriño, sendo a súa finalidade a tramitación das axudas municipais á Creación de Empresas. Coa remisión dos seus datos, se presta consentimento expreso para que a Concellería poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades anteriormente indicadas. Así mesmo o beneficiario queda informado de que poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos seus datos mediante comunicación escrita á Concellería.

DECIMO OITAVA:—REINTEGRO DE SUBVENCIONS:

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos contemplados nas presentes Bases, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

DECIMO NOVENA: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador será o disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIXÉSIMA.—RECURSOS

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo de un mes segundo establece o art. 117.2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de conformidade co establecido no art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes axustados a dereito.

VIXÉSIMO PRIMEIRA:

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O. da Provincia.

ANEXO I

Solicitud de Axuda Municipal a Creación de Empresas

PERSOA FÍSICA (Cubrir só no caso de que o solicitante sexa empresario individual, comuneiro de Comunidade de Bens, ou socio dunha Sociedade Civil)									
NIF/NIE				NOME					
1º APELIDO				2º APELIDO					
E-MAIL									
TELÉFONO				MÓVIL			FAX		
PERSOA XURÍDICA (Cubrir só no caso de que o solicitante sexa Sociedade Mercantil ou outra con personalidade xurídica propia)									
CIF				RAZÓN SOCIAL¹					
E-MAIL									
TELÉFONO				MÓVIL			FAX		
¹ Denominación exacta consignada nos Estatutos ou na Escritura de Constitución									
REPRESENTANTE LEGAL (A cumplimentar cando a solicitude sexa formulada por unha persoa xurídica)									
NIF/NIE				NOME					
1º APELIDO				2º APELIDO					
E-MAIL									
TELÉFONO				MÓVIL			FAX		
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS									
TIPO DE VÍA					ENDEREZO				
Nº		BLOQUE		ESCALEIRA		PISO		PORTA	CP
PROVINCIA					MUNICIPIO				
OBXECTO DA SOLICITUDE ☐ Líña I - Promoción do Autoemprego ☐ Líña II - Creación de Sociedades Mercantís					DATA DE CONSTITUCIÓN DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE				
CRITERIOS DE VALORACIÓN									
☐ Proxectos Empresariais enmarcados no medio rural									
☐ Proxectos empresariais adicados a actividades tradicionais									
☐ Grao de innovación do proxecto									
☐ Emprendedores incluídos na Base de Datos de Porremprego									
☐ Proxectos cualificados como ILE									
☐ Situación social do colectivo beneficiario									
☐ Número de postos de traballo creados									
☐ Actividade emerxente /Filón de emprego									
☐ Emprego da lingua galega									
Asdo.:									
O Porriño, a ____ de _____ de 2013									

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informase que os datos facilitados, así como os que sexan requeridos posteriormente para completar o expediente, serán incorporados a un ficheiro cuxa titularidade corresponde ó Concello do Porriño, sendo a súa finalidade a tramitación das Axudas Municipais a Creación de empresas.

A presentación da solicitude implica a aceptación da cesión dos datos contenidos na mesma, así como, de ser o caso, os relativos a concesión da axuda, o Concello do Porriño e demais organismos públicos, con fins estadísticos, de avaliación e seguemento, así como para a comunicación cos solicitantes respecto aos diferentes programas levados a cabo polo Concello.

O dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei, poderanse exercer mediante carta ou fax dirixidos ó responsable dos mesmos no seguinte enderezo: Concellaría de Emprego, Multicentro, rúa Ribeira s/n – Torneiros 36410, O Porriño. Fax 986 338 900.

Documentación que se axunta

- ☐ Plan de viabilidade do proxecto.
- ☐ Fotocopia do D.N.I. de todos os socios-promotores.
- ☐ Certificado de Vida Laboral de todos os socios-promotores.
- ☐ Declaración responsable da información achegada no proxecto.
- ☐ Declaración censal de inicio de actividade e alta no Imposto de Actividades Económicas.
- ☐ Escritura de constitución da empresa así como escrituras de apoderamento que lexitimen a persoa que presenta a solicitude.
- ☐ Resolución de recoñecemento de alta no réxime da Seguridade Social correspondente de tódolos socios promotores así como do persoal contratado pola entidade.
- ☐ Certificado de atoparse o corrente coas obrigas da Axencia Tributaria, Facenda Autonómica, Facenda Municipal e Seguridade Social
- ☐ Documentación acreditativa das circunstancias a ter en conta na valoración do proxecto.
- ☐ Certificado de número de conta bancaria da persoa ou entidade, segundo o caso, que presenta a solicitude.

ANEXO II**Plan de Viabilidade do Proxecto****DATOS DA EMPRESA**

Nome da empresa _____
Forma Xurídica _____
Domicilio Social _____
Centro de Traballo _____
Nº de Socios _____
Data de Constitución _____ Data de Posta en Marcha _____

IDENTIFICACIÓN DOS PROMOTORES**SOCIO 1**

Nome e Apelidos _____
Dirección _____
Idade _____ DNI _____ Tlf. _____ Móvil _____
E-mail _____

Formación Reglada

Formación Complementaria

Experiencia Profesional

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

SOCIO 2

Nome e Apelidos _____
Dirección _____
Idade _____ DNI _____ Tlf. _____ Móvil _____
E-mail _____

Formación Reglada

Formación Complementaria

Experiencia Profesional

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

SOCIO 3

Nome e Apelidos _____
Dirección _____
Idade _____ DNI _____ Tlf. _____ Móvil _____
E-mail _____

Formación Reglada

Formación Complementaria

Experiencia Profesional

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

Empresa _____
Años _____ Funciones _____

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Descrición do produto ou servizo que vai a ofrecer

--

MERCADO

¿Quén será o noso cliente?

--

¿A qué precio se ofertará el producto o servicio?

--

¿Cómo se va a vender?

--

¿Quén é a nosa competencia?

--

EMPLEO

Socios – Promotores que aportan actividade laboral

NOME	FUNCÍONS

Persoal Contratado

NOME	XORNADA	DURACIÓN	COLECTIVO O QUE PERTENECE

PLAN ECONÓMICO E FINANCIERO**Inversións**

CONCEPTO	ANO 1	ANO 2	ANO 3
INMOVILIZADO INTANXIBLE			
Propiedad e Industrial			
Dereitos de Traspaso			
Aplicacións Informáticas			
Outro Inmovilizado Intanxible			
INMOVILIZADO MATERIAL			
Construcións e Terreos			
Instalacións Técnicas			
Maquinaria e Utillaxe			
Bens en Leasing			
Mobiliario			
Equipos Informáticos			
Elementos de Transporte			
Outro inmovilizado material			
TOTAL INVERSIÓN			
Disponibilidade líquida (Adquisición de materias primas e tesorería inicial)			
TOTAL LÍQUIDO			
TOTAL			

Financiación

CONCEPTO	ANO 1	ANO 2	ANO 3
Recursos Propios			
Recursos Alleos			
TOTAL			

* Recorde que o Total das Inversións debe coincidir co Total da Financiación

Ingresos

VOLUMEN DE VENDA DOS PRODUCTOS	PRECIOS	TOTAL
TOTAL DE INGRESOS		

Gastos

CONCEPTOS	TOTAL
Costes de Persoal	
Aluguer	
Coste de Mantenemento	
Publicidade e Propaganda	
Dietas e Desprazamentos	
Teléfono/Electricidade/Auga	
Outros Gastos	
TOTAL GASTOS	

ANEXO III**Declaración Responsable**

D. _____ con D.N.I. _____ en calidade de
solicitante,

Declara:

- i. Que coñece as bases das Axudas Municipais a Creación de Empresas que solicita,
- ii. Que son certos os datos aportados na súa solicitude
- iii. Que non se atopa incurso en ningunhas dos supostos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- iv. Que os datos consignados no Proxecto de Viabilidade se corresponden con un estudo en profundidade do mesmo.

O Porriño, a ____ de _____ de 2013.

Asdo.: _____

No Porriño a 6 de marzo de 2013.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2013002359

* * *

PORTAS**E D I C T O**

Esta Alcaldía, no mes de xaneiro do presente ano, e segundo o disposto no art. 72 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das Entidades Locais, acordou inicia-lo expediente de baixa de oficio no Padrón de Habitantes deste Concello, por mor do incumprimento da lexislación vixente en materia de padrón de habitantes ao figurar persoas incumprindo os requisitos establecidos no artigo 54 do Regulamento citado, a persoa que a continuación se relaciona:

<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>DIRECCIÓN</i>
Fachado Rodiño, José Manuel	38132274E	Currás 31 - Romai

Por medio deste anuncio, comunícolle ao interesado que poderá examina-lo expediente de baixa de oficio na secretaria municipal e, así mesmo, formular ante esta alcaldía as alegacións que estimen pertinentes no prazo de d z días, que contarán desde o día seguinte ó da publicación do presente anuncio.

Portas, a 4 de Marzo de 2013.—O Alcalde, Roberto Vázquez Souto.

2013002275

* * *